

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª,
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,
GANDARÍA E MONTES**

Día: 26.09.2025 Hora: 10:30

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 26 de setembro de 2025, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Proposicións non de lei

- 1.1 8461 (12/PNC-000875)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de incentivar a promoción de produtos de proximidade nos mercados locais dos concellos galegos mediante apoios e subvencións específicas dirixidas a esta finalidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 68, do 21.08.2024
- 1.2 31217 (12/PNC-002779)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que este facilite a promoción do viño galego en terceiros países
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 244, do 28.08.2025
- 1.3 32562 (12/PNC-002832)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para rematar en 2025 as obras da base BUO de Rianxo e poñela en funcionamento
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 248fl, do 04.09.2025
- 1.4 32645 (12/PNC-002844)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara
Sobre as accións que debe desenvolver a Xunta de Galicia en relación coa súa planificación ante o risco de incendios forestais, especialmente na provincia de Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 252fl, do 10.09.2025
- 1.5 33643 (12/PNC-002916)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego





Fernández Fernández, Secundino e Valcárcel Armesto, Montserrat
Sobre as modificacións que debe introducir a Xunta de Galicia na orde de
axudas aos afectados pola vaga de lumes de agosto de 2025
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 257f1, do 18.09.2025

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2025

María Encarnación Amigo Díaz

Presidenta da Comisión



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 19/09/2025 10:46:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 19/09/2025 11:23:40
Nº Rexistro: 9458
Data envío: 19/09/2025 11:23:40,882

CSV: REXPG-SOg3z035e-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/09/2025 11:23:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 19/09/2025 11:23:40
Nº Rexistro: 9458
Data envío: 19/09/2025 11:23:40.882

CSV: REXPG-SOg3z035e-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
María Encarnación Amigo Díaz	P
Vicepresidente	
José Manuel Mato Díaz	P
Secretaria	
Montserrat Valcárcel Armesto	BNG

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Enrique Barreiro Sánchez	P
Cristina Campero Dorado	P
Juan Manuel Casares Gándara	P
Secundino Fernández Fernández	BNG
Ariadna Fernández González	BNG
Nicole Grueira Fernández	P
Lara Méndez López	S
Armando Ojea Bouzo	M
Ángel Rodríguez Conde	P
María del Carmen Rodríguez Dacosta	S
Cecilia Vázquez Suárez	P
Sonia Vidal Lamas	BNG
Miguel Ángel Viso Diéguez	P

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 26.09.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 26.09.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 8461(12/PNC-000875)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de incentivar a promoción de produtos de proximidade nos mercados locais dos concellos galegos mediante apoios e subvencións específicas dirixidas a esta finalidade

Publicación da iniciativa, 68, 21.08.2024

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel A. Viso Diéguez, Encarna Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan M. Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Exposición de motivos

A compra e consumo de produtos de proximidade ofrece múltiples vantaxes, tanto para os consumidores, como desde o punto de vista da súa sostibilidade ambiental, ademais de favorecer os agrosistemas locais e comarcais e a actividade dos profesionais que traballan neste ámbito.

A produción de preto ofrece polo xeral alimentos variados e de temporada, máis frescos e de calidade, que achegan un mellor sabor e valor nutricional, así como proporcionan transparencia e confianza, xa que logo é máis doado cando se adquiren localmente coñecer a procedencia dos mesmos e as prácticas de produción, en definitiva a súa trazabilidade.

Ademais, consumir produtos de proximidade permite reducir o impacto no medio ambiente dos procesos de distribución destes alimentos, xa que as emisións de CO2 derivadas diso son menores cas de outros produtos elaborados e/ou producidos en lugares máis afastados.

Tamén apostar por alimentos de proximidade favorece o mantemento da actividade das explotacións agrogandeiras e o traballo de pequenas industrias agroalimentarias, impulsando o desenvolvemento rural e fomentando o asentamento de poboación nestas zonas.

Consciente de todas estas vantaxes, para o Grupo Parlamentario Popular ten especial interese en promover a produción e consumo de produtos agrícolas e gandeiros de proximidade, moito dos cales ademais están vencellados a alimentos de calidade diferenciada ou a iniciativas de produción artesanal.

Un espazo ideal para facelo poden ser as feiras tradicionais que se organizan nos concellos galegos. Estes eventos son unha parte esencial da vida comercial dos municipios, así como un escaparate excepcional para promocionar os produtos agroalimentarios galegos.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a incentivar a promoción de produtos de proximidade nos mercados locais dos concellos galegos mediante apoios e subvencións específicas dirixidas a esta finalidade”.

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 01/08/2024 13:17:11

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 01/08/2024 13:17:27

María Encarnación Amigo Díaz na data 01/08/2024 13:17:35

José Mato Díaz na data 01/08/2024 13:17:43

Enrique Barreiro Sánchez na data 01/08/2024 13:17:57

Cristina Campero Dorado na data 01/08/2024 13:18:10

Juan Manuel Casares Gándara na data 01/08/2024 13:18:20

Nicole Grueira Fernández na data 01/08/2024 13:18:32

Ángel Rodríguez Conde na data 01/08/2024 13:18:43

Cecilia Vázquez Suárez na data 01/08/2024 13:18:53



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



[@gppgalicia](#)



[@GrupoPopularGal](#)

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 26.09.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 31217(12/PNC-002779)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao
Goberno central co fin de que este facilite a promoción do
viño galego en terceiros países

Publicación da iniciativa, 244, 28.08.2025

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

Exposición de Motivos

O viño é un produto esencial e tradicional do sector agrario galego cada vez máis valorado polos consumidores, tanto dentro coma fóra das nosas fronteiras. Asemade, este sector xoga un papel fundamental na economía galega ata o punto de considerarse estratéxico polas capacidades que amosa tanto de xerar emprego como de fixar poboación no noso rural.

Con todo, e malia a súa evidente mellora nas últimas décadas, sobre todo no que atinxe aos procesos de elaboración, creemos que é necesario incrementar as exportacións dos nosos viños xa que ata agora atópanse en cifras discretas.

Segundo os datos oficiais do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, España produce uns 37 millóns de hectolitros de viño, cun volume moi similar de brancos e tintos, aínda que con certo predominio destes últimos.

Dentro deste volume nacional, Galicia achega 0,847 millóns de hectolitros (o 2,29%), sendo dominante a produción de viño tinto. Se falamos de viños acollidos amparados baixo unha denominación de orixe, a contribución de Galicia ao conxunto español incrementase ata o 3,37%.

A respecto da venda de viño en terceiros países, os datos oficiais indican que Galicia exportou na última campaña uns 10.744 hectolitros que se corresponden co 2,8 % do total de España, unha cifra superior á súa contribución produtiva (2,29%). Porén, se temos en conta que case todas as exportacións se corresponden a viños amparados por DOP, a porcentaxe galega de exportación debese de aumentar, consonte á súa maior contribución de produción ó conxunto español (3,37%).

Asinado o día 14/08/2025 ás
15:08
Por Alberto Pazos Couñago





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31217
Data envío: 14/08/2025 15:09:28.187

As axudas á promoción do viño en terceiros países constitúen un instrumento eficaz para mellorar as exportacións, pero contan cunha burocracia excesiva, que nalgúns casos limitan o alcance entre os posibles beneficiarios, sobre todo no que atinxe ás adegas máis miúdas. Cómpre aclarar que Galicia é a comunidade autónoma con menor superficie media por explotación vitícola (media galega de 0,13 Ha fronte ás 1,88 Ha da media nacional) e, polo tanto, a que ten as explotacións máis pequenas de España.

Entendemos a necesidade de implementar un sistema de control dos fondos públicos para que non se prexudiquen os intereses financeiros da Unión Europea, pero pensamos que é necesario diminuír a burocracia das axudas á promoción en terceiros países e facilitar o seu acceso ás pequenas adegas.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que promova as actuacións necesarias para suavizar os requisitos e a tramitación das axudas da medida da intervención sectorial do viño na liña de promoción do viño en terceiros países”.

Santiago de Compostela, 14 de agosto de 2025



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 14/08/2025 15:08:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31217
Data envío: 14/08/2025 15:09:28.187

CSV REXPG-5JrtdGP-1
Visítalo en:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 15:09:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 31217
Data envío: 14/08/2025 15:09:28.187

CSV REXPG-5JrtdGP-1
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 26.09.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 32562(12/PNC-002832)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para rematar en 2025 as obras da base BU0 de Rianxo e poñela en funcionamento

Publicación da iniciativa, 248f1, 04.09.2025



GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 13:51:33
Nº Rexistro: 32562
Data envío: 27/08/2025 13:51:33.485

Asinado o día 27/08/2025
Por Secundino Fernández
Fernández

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández**, **Montserrat Valcárcel Armesto** e do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre o remate das obras e á posta en funcionamento da Base de Unidade Operativa (BUO) dos equipos de extinción de lumes en Rianxo.

Asinado o día 27/08/2025 ás
13:50
Por Montserrat Valcárcel Armesto

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Após os graves lumes do verán de 2022 na comarca da Barbanza, a Xunta de Galiza anunciou publicamente a creación de tres bases de unidades operativas (BUO) dos equipos de extinción. Unha delas, situaríase nunha parcela cedida polo Concello no parque empresarial de Té, en Rianxo, e estaría en servizo, segundo a propia Consellaría de Medio Rural no verán de 2023.

As obras da mencionada BUO deron comezo en maio de 2023 e a súa execución estaba prevista nun prazo de seis meses, o que xa facía imposíbel a súa operatividade para o verán dese ano, tal e como se prometera.

A comezos de 2024, en plena campaña electoral, nunha visita do propio conselleiro e doutros altos cargos de Medio Rural a Rianxo, a Xunta de Galiza aínda mantiña publicamente que a BUO da comarca do Barbanza estaría operativa para a tempada de alto risco de lumes do verán e aseguraba que o seu remate produciríase dentro do primeiro trimestre dese ano.

En resposta escrita, do 9 de outubro de 2024, a este Grupo Parlamentario, que pedía explicación sobre a demora da posta en funcionamento do servizo, subliñábase

Asinado o día 27/08/2025 ás
13:50
Por Rosana Pérez Fernández

CSX-BEYVG-w12RPYkYw-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 13:51:33
Nº Rexistro: 32562
Data envío: 27/08/2025 13:51:33.485

(literalmente) que “está previsto que rematen as obras antes do final do presente ano 2024 e entrarán en funcionamento no primeiro trimestre do vindeiro ano 2025”.

O caso é que a día de hoxe, a piques de rematar xa o terceiro trimestre do 2025, tres anos despois de ser anunciada e dous após que comezaran as obras e con múltiples promesas incumpridas en todo este tempo, o Barbanza non só continúa sen a base de unidade operativa para ser o centro de operacións dos equipos de extinción dos lumes na comarca senón que os traballos para rematala definitivamente seguen parados e continúa o deterioro da parte xa realizada.

Nun verán dramático en canto a incendios forestais no noso país e coa tempada aínda sen rematar, a Consellaría require a outros concellos próximos a Rianxo parcelas para a construción doutras bases mentres non dá rematada e non pon en funcionamento a dese concello .

É a enésima mostra do desleixo e da falla dunha política planificada no que aos medios destinados ao combate contra os lumes se refire, mais tamén en canto ao seguimento e execución dos fondos públicos que xa é sinal de identidade dun Goberno que non é quen de levar a cabo os seus propios e reiterados compromisos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a rematar as obras da base de unidade operativa dos equipos de extinción (BUO) de Rianxo e a poñela en funcionamento antes do remate do presente ano 2025”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 27/08/2025 13:50:10

Montserrat Valcárcel Armesto na data 27/08/2025 13:50:18

Secundino Fernández Fernández na data 27/08/2025 13:50:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 13:51:33
Nº Rexistro: 32562
Data envío: 27/08/2025 13:51:33.485

CSV REXISTRO
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/08/2025 13:51:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2025 13:51:33
Nº Rexistro: 32562
Data envío: 27/08/2025 13:51:33.485

CSV REXISTRO-w12PYKyW-5
Verificación:
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 26.09.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 32645(12/PNC-002844)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as accións que debe desenvolver a Xunta de Galicia en relación coa súa planificación ante o risco de incendios forestais, especialmente na provincia de Ourense

Publicación da iniciativa, 252f1, 10.09.2025



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32645
Data envío: 28/08/2025 14:12:51.586

Asinado o día 28/08/25
14:10
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7ª**.

A provincia de Ourense, con arredor de 97.000 hectáreas calcinadas nesta campaña 2025, a data 28 de agosto, atopábase claramente lonxe do estado óptimo de preparación para afrontar a tempada de alto risco de incendios.

A Consellería do Medio Rural, titular das competencias relativas á prevención e defensa contra os incendios forestais, conta para levar a termo as accións encamiñadas a tal fin cunha serie de distritos forestais repartidos ó longo do territorio da Comunidade.

No caso de Ourense, eses distritos son os seguintes cinco:

- Distrito XI: O Ribeiro-Arenteiro
- Distrito XI: Miño – A Arnoia
- Distrito XIII: Valdeorras-Trives
- Distrito XIV: Verín-Viana
- Distrito XV: A Limia

Do desenvolvemento dos acontecementos unha vez desatada a vaga de lumes deste mes de agosto despréndese claramente que as cousas non estaban feitas a tempo nin o dispositivo tiña a conformación que garantise o seu rendemento axeitado.

Asinado o día 28/08/2025 ás
14:10
Por Lara Méndez López

Asinado o día 28/08/2025 ás
14:10
Por Carmen Rodríguez Dacosta

CSM-REVPG-LT725SI-7
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32645
Data envío: 28/08/2025 14:12:51.586

Cunha superficie queimada que supera xa o 13 % do territorio total da provincia, cómpre indagar cales foron as causas que contribuíron a un resultado tan calamitoso no balance aínda por pechar da superficie afectada polos incendios deste ano.

Entre outras moitas que tamén se han de indagar, entendemos que as eivas no labor e resposta esperable dos distritos forestais están, desde logo, entre as que teñen relación máis directa co fracaso da Administración galega no manexo desta crise.

É preciso, polo tanto, saber cales foron en concreto os erros que están detrás da resposta atropelada e superada dende o inicio polos acontecementos que a Xunta de Galicia deu aos lumes, así como as razóns polas que as tarefas silvícolas que con antelación tiñan que estar feitas se atopaban, no momento máis perigoso do ano, aínda pendentes.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Presentar, no prazo máximo dun mes, un informe detallado sobre os medios humanos e materiais dispoñibles a 1 de xullo de 2025 en cada un dos distritos forestais da provincia de Ourense, incluíndo o persoal efectivo, baixas médicas, vacantes, maquinaria, vehículos e demais recursos.
2. Remitir á Cámara unha relación completa dos traballos silvícolas e de prevención previstos para o ano 2025 en cada distrito forestal, co estado de execución real a 1 de xullo deste ano.



CSV REXPO-LTj25SI-7

Verificación

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32645
Data envío: 28/08/2025 14:12:51.586

3. Pór en marcha un plan extraordinario de recuperación e prevención en Ourense que inclúa reforzo de medios, execución inmediata das tarefas pendentes e medidas de apoio ás zonas devastadas polos lumes.

4. Deseñar e aplicar, antes do inicio da campaña 2026, unha estratexia de reforzo e mellora da capacidade operativa dos distritos forestais, garantindo a súa coordinación e eficacia.

Parlamento de Galicia, 28 de agosto de 2025



CSV REXPO-LTj225S1-7

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 28/08/2025 14:10:12

Lara Méndez López na data 28/08/2025 14:10:35

José Ramón Gómez Besteiro na data 28/08/2025 14:10:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32645
Data envío: 28/08/2025 14:12:51.586

CSV REXPO-LTij225SI-7
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/08/2025 14:12:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 32645
Data envío: 28/08/2025 14:12:51.586

CSV REXPO-LTij25SI-7
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 26.09.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 33643(12/PNC-002916)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e Valcárcel Armesto,
Montserrat

Sobre as modificacións que debe introducir a Xunta de Galicia
na orde de axudas aos afectados pola vaga de lumes de agosto
de 2025

Publicación da iniciativa, 257f1, 18.09.2025



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 17:21:25
Nº Rexistro: 33643
Data envío: 09/09/2025 17:21:25.854

Asinado o día 09/09/25
17:15
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da do deputados **Secundino Fernández Fernández** e da deputada **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre as axudas da Consellería do Medio Rural aos afectados pola vaga de lumes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste verán, sobre todo no mes de agosto prodúcese unha vaga de incendios forestais que provocan os incendios mais grandes da historia deste país. A situación orixinada por esta vaga de lumes mostrou perfectamente o grado de indiferenza, ineptitude e de inutilidade dos dirixentes do PP na Xunta de Galiza. Unha desidia de proporcións nunca vistas no noso país.

A gravidade veu provocada polos grandes lumes que queimaron máis de 150.000 has, segundo os datos de Copernicus, arrasando ao seu paso monte arborado, mato, pastos, viñas, soutos, explotacións agrogandeiras incluso animais e forraxes, explotacións apícolas, infraestruturas públicas, industrias e o que é máis grave aldeas e vivendas e deixando tamén persoas feridas.

Para facer fronte a estes graves danos provocados por este incendios do mes de agosto, a Xunta de Galiza sacou un decreto de axudas, e a consellería do medio rural a orde axudas. Concretamente: DECRETO 76/2025, do 29 de agosto de 2025, de medidas urxentes de axuda para a reparación dos danos causados polos incendios forestais que afectan a Galicia durante o verán de 2025 e a ORDE do 29 de agosto de 2025 pola que

Asinado o día 09/09/2025 ás
17:15
Por Montserrat Valcárcel Armesto

Asinado o día 09/09/2025 ás 17:15
Por Secundino Fernández
Fernández

CSV: REVPG-DZERWY01-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



se establecen as bases reguladoras das axudas por danos nas explotacións forestais, agrícolas ou gandeiras para a reparación dos danos causados polos incendios forestais que afectan a Galicia durante o verán de 2025, e se convocan para o ano 2025 (códigos de procedemento MR616A e MR616C). Ambos publicados no DOG do 30 de agosto do 2025.

Estas axudas publicábanse, segundo o presidente da Xunta, para dar resposta aos cuantiosos danos provocados por estes xigantescos incendios nas comarcas afectadas. Unha vez que saíron no DOG, hai un prazo dun mes para solicitálas e que as mulleres e homes damnificados, igual que as sociedades, puideran telas canto antes á súa disposición. Mais agora, é cando se poden comezar a ver as grandes eivas destas axudas. Por poñer só uns exemplos temos:

Prazo: un mes é moi pouco tempo para que a grande cantidade de persoas afectadas podan achegarse as oficinas administrativas, informarse e facer as súas solicitudes.

Tramitación: Moi burocrática. As solicitudes necesitan na grande maioría dos casos unha tramitación moi complexa, moi complicada e difícil. Na maioría dos caso é obrigatorio a tramitación telemática. Necesitarase un asesoramento externo. Estes “gastos” de xestión non son obxecto de subvención o que levará a que moitas explotacións agroforestais non percibirán axudas.

Lucro cesante na explotacións agrogandeiras e forestais. Non se contempla. De que van vivir os produtores agrogandeiros até que as súas explotacións volvan a estar en marcha.

En **resumo** son axudas insuficientes e “cara a galería” que non van poder ser cobradas por un gran número de afectadas e afectados, sobre todo as pequenas



explotacións familiares e as que son de actividade complementaria. Non van resolver os problemas creados ao sector agrogandeiro e forestal esta catástrofe que se puido evitar si a Xunta do PP actuara en beneficio do noso rural, tanto con prevención como con extinción.

O enfoque é puramente asistencialista, sen conexión cunha estratexia para estruturar e de recuperación nin cunha aposta polo rural. Isto perpetúa o abandono, a precariedade e a marxinación dos sectores máis fráxiles da Galiza interior.

Dende o BNG consideramos que estas axudas teñen que servir para que o sector agrogandeiro e forestal siga no noso rural e non sufran as consecuencias destes graves incendios dunha forma definitiva que os leven a abandonar as zonas queimadas.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a modificar a orde de axudas aos afectados pola vaga de lumes, de xeito que:

1. Se amplíe o prazo de solicitudes de axudas de xeito que todos podan recibir axudas.
2. Se elimine a excesiva burocracia para solicitar de xeito que cunha simple declaración previa e vinculante sirva para a solicitude e que todos os damnificados podan facer a solicitude de forma presencial.
3. Se contemple o lucro cesante para todas as explotacións.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 17:21:25
Nº Rexistro: 33643
Data envío: 09/09/2025 17:21:25.854

4. Se incrementen as axudas de forma que non haxa topes para que todos os solicitantes podan recibir unha axuda que compense as súas perdas en todo tipo producións e de explotacións agrogandeiras e forestais

5. Se elimine o límite orzamentario de xeito que todos os solicitantes podan recibir a axuda polos danos causados pola vaga de incendios de agosto do 2025”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 09/09/2025 17:15:01

Montserrat Valcárcel Armesto na data 09/09/2025 17:15:12

Ana Pontón Mondelo na data 09/09/2025 17:15:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 17:21:25
Nº Rexistro: 33643
Data envío: 09/09/2025 17:21:25.854

CSV REXPG-DZEKNY61-4
Validación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/09/2025 17:21:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2025 17:21:25
Nº Rexistro: 33643
Data envío: 09/09/2025 17:21:25.854



CSV REXPG-DZEKM/61-4
Validación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

